

ÁREA DE  
CONTRATACIÓN

ÁREA DE GOBERNO DE  
SEGURIDADE,  
CONTRATACIÓN, FESTAS E  
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO  
DE VIGO



A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 24 de xullo de 2024, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

**5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor**

**a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión, organización e desenvolvemento do Programa municipal de "Educación básica de persoas adultas" (97471-332)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación entrégase o informe asinado polo técnico medio de actividades culturais e educativas o 19 de xullo de 2024 de valoración do sobre B "*proposición avaliada mediante xuízo de valor*" que é aceptado por unanimidade dos/as membros presentes.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

**6.- Apertura das proposicións avaliadas mediante fórmula (procedementos abertos e abertos simplificados), e se procede, proposta de clasificación ou clasificación**

**a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión, organización e desenvolvemento do Programa municipal de "Educación básica de persoas adultas" (97471-332)**

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "*Proposición avaliada mediante fórmula*" do único licitador admitido co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo ofertado (exento IVE)	Desenvolvemento de actividades complementarias	Desenvolvemento de actividades extraescolares	Desenvolvemento de cursos específicos de formación do persoal
1	ASOCIACIÓN DE MULLERES PROGRESISTAS	156.000,00 €	1 actividade complementaria	1 actividade extraescolar	1 curso específico

Non asiste público á apertura.

En aplicación dos criterios recollidos no apartado 7D do Anexo I (FEC) do PCAP e a cláusula 16 do mesmo, conséntase que a oferta non contén valores anormais ou desproporcionados, polo que procede outorgarlle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula ao abeiro do previsto na cláusula 15.3:

	Licitador	Prezo ofertado (sen IVE)	Desenvolvemento de actividades complementarias	Desenvolvemento de actividades extraescolares	Desenvolvemento de cursos específicos de formación do persoal
1	ASOCIACIÓN DE MULLERES PROGRESISTAS	45,00	6,00	6,00	3,00



Tendo en conta a puntuación obtida polo licitador na súa proposición avaliable mediante xuízo de valor (38,00 puntos), a puntuación total é a seguinte:

	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	ASOCIACIÓN DE MULLERES PROGRESISTAS	38.00	60.00	98.00

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos/as membros presentes, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión, organización e desenvolvemento do Programa municipal de "Educación básica de persoas adultas" (97471-332) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	ASOCIACIÓN DE MULLERES PROGRESISTAS	98.00

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, ASOCIACIÓN DE MULLERES PROGRESISTAS, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente."

Se publica anuncio no Perfil de Contratante do concello de Vigo para os efectos sinalados na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares ("As notificacións practícaranse por medios electrónicos o mesmo día da publicación do seu contido no perfil de contratante. Cando nelas se sinale algún prazo para a práctica dalgunha actuación polo destinatario, este computarase desde a data de publicación no perfil de contratante"), ao abeiro do previsto na disposición adicional 15ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público.

O enderezo web do Rexistro da sede electrónica do concello de Vigo onde poderán presentar a documentación solicitada é:

versión galego:

<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 24/07/2024 13:45	Páxina 2 de 3
97471-332	CSV: ADAF57-284BC5-C9A2D7-YPMGEN-3E9VCQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

versión castellano:

<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=cas>

Na documentación presentada a través do rexistro electrónico, os documentos que a acompañen terán que ser asinados mediante sinatura dixital.

O que comunicamos para coñecemento xeral e demais efectos.

O contido integro da acta da sesión da Mesa de Contratación da que se publica este extracto pode consulta-lo no seguinte enderezo WEB:

<https://sede.vigo.org/expedientes/perfilcontratante/actasmesacontratacion.jsp?lang=gal>

A secretaria da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 24/07/2024 13:45	Páxina 3 de 3
97471-332	CSV: ADAF57-284BC5-C9A2D7-YPMGEN-3E9VCQ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		